

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN (GAIN), A ASOCIACIÓN CLÚSTER DEL NAVAL GALLEGO (ACLUNAGA), A ASOCIACIÓN NACIONAL DE FABRICANTES DE CONSERVAS DE PESCADOS Y DE MARISCOS – CENTRO TECNOLÓGICO NACIONAL DE CONSERVACIÓN DE PRODUCTOS DE LA PESCA (ANFACO-CECOPESCA), O CLÚSTER TECNOLÓXICO EMPRESARIAL DAS CIENCIAS DA VIDA (BIOGA), O CLÚSTER ALIMENTARIO DE GALICIA (CLUSAGA) A ASOCIACIÓN CLÚSTER TIC DE GALICIA (CLÚSTER TIC GALICIA), E O CLÚSTER DO SECTOR TEXTIL-MODA DE GALICIA (COINTEGA) PARA DINAMIZAR A PARTICIPACIÓN DAS EMPRESAS GALEGAS NO MARCO DO PROXECTO C-VOUCHER, FINANCIADO POLO PROGRAMA EUROPEO HORIZON 2020

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2020

REUNIDOS

D. FRANCISCO JOSÉ CONDE LÓPEZ, Conselleiro da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, nomeado para o devandito cargo polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro (DOG núm 181, do 7 de setembro) polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, e polo Decreto 110/2020, do 18 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 190, do 18 de setembro), e Presidente da Axencia Galega de Innovación (en adiante GAIN), en virtude do disposto no artigo 12 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos (DOG núm. 19, do 27 de xaneiro), modificado polo Decreto 15/2014, do 6 de febreiro (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

D. ÓSCAR GÓMEZ DÍAZ, en calidade de xerente da “Asociación Clúster del Naval Gallego” (en adiante ACLUNAGA), actuando en nome e representación desta entidade, en virtude da escritura de poder autorizada o día 24 de febreiro de 2015 ante o notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. José Antonio Rodríguez González co número 477.15 de orden de seu protocolo.

D. JUAN MANUEL VIEITES BAPTISTA DE SOUSA, en calidade de Secretario Xeral da “Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y Mariscos – Centro Técnico Nacional de Conservación de Productos de la Pesca” (en adiante ANFACO-CECOPESCA), actuando en nome e representación desta entidade, en virtude das facultades que lle confire o escrito notarial de apoderamento outorgado con data de 30 de xullo de 2009.

Dña. CARME PAMPÍN CASA, Presidenta do Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida (en adiante BIOGA), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 22º dos estatutos de dita asociación inscrita no Rexistro Xeral de Asociacións con número 2010/1014647-1.

D. JUAN JOSÉ DE LA CERDA LÓPEZ - BASPINO, coma presidente do “Clúster Alimentario de Galicia” (en adiante CLUSAGA), en representación desta e en virtude das facultades que lle confiren os estatutos desta Asociación, aprobados por Asamblea Xeral o 14 de xuño de 2018

D. ANTONIO LUIS RODRÍGUEZ DEL CORRAL, en calidade de Presidente do “Clúster TIC de Galicia” (en adiante Clúster TIC Galicia), actuando en nome e representación desta entidade, en virtude das facultades que lle confire o certificado do acordo adoptado pola Asamblea Xeral da Asociación con data 04/05/2017 na que consta a identidade dos novos titulares da Xunta Directiva, e os seus respectivos cargos.

D. JOSE ANTONIO CONDE MOJÓN, en nome e representación da Confederación de Industrias Textiles de Galicia - COINTEGA Clúster Gallego Textil Moda de Galicia (en adiante COINTEGA), na súa condición de Presidente; entidade con domicilio social no Parque Tecnolóxico e Loxístico de Valladares, Rúa C, Edificio Dotacional OF A22 36315, Vigo-Pontevedra e CIF G36681039.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das funcións que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO: Que a Axencia Galega de Innovación (en adiante GAIN) é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro (DOG núm. 19, do 27 de xaneiro), polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos (modificado polo Decreto 15/2014, de 6 de febreiro). Encóntrase adscrita á Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación (anteriormente Consellería de Economía, Emprego e Industria) e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis.

GAIN ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas de Galicia, a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes. Os seus estatutos atribúenlle, entre outras, as seguintes funcións: a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia e a promoción, xestión e execución do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, asumindo a súa coordinación, seguimento e avaliación.

SEGUNDO: Que a Estratexia de Especialización Intelixente, RIS3, marca claramente a folia de ruta das prioridades que Galicia debe coidar para crecer e renovarse, competir no exterior e ser máis eficientes. Concretamente, o Reto 2 aposta por un novo modelo industrial sustentado na competitividade e no coñecemento.

TERCEIRO: Que a Xunta de Galicia, a través de GAIN está a participar no proxecto europeo “Circularizar cadeas de valor nas estratexias de innovación rexional europeas”, en adiante, C-Voucher, que pretende desenvolver novas cadeas de valor circulares (cradle to cradle), irrompendo os modelos de negocio de liñas lineais tradicionais (cradle to waste) mediante colaboración combinada con expertos en Design Thinking e Circularidade.

C-Voucher é o marco de proba de concepto onde 24 pequenas e medianas empresas (pemes) clásicas de industrias tradicionais (Agro-Alimentación, saúde, mar, téxtil e fabricación) seleccionaranse para implementar un programa innovador de economía circular que comprenderá 4 fases para desenvolver.

Outras 42 pemes europeas seleccionaranse para adoptar as 12 solucións de circularidade xa desenvolvidas no programa de circularidade con retos similares.

O proxecto ofrecerá un total de 6 millóns de euros para abordar os desafíos da economía circular nas empresas europeas.

CUARTO: GAIN como socio do proxecto C-Voucher ten que executar, entre outras, as seguintes accións:

- ✓ Difundir as convocatorias de financiamento publicadas no eido do proxecto
- ✓ Fomentar a participación das empresas galegas nas diferentes convocatorias e programas de circularidade

- ✓ Traballar en estreita colaboración cos *Clúster* na definición dos retos en función das necesidades e intereses específicos das súas pemes organizando posteriormente un evento a nivel local para debater sobre os retos e priorizalos.
- ✓ Organizar sesións de sensibilización con pemes mediante obradoiros rexionais centrados en, polo menos, un dos sectores nos que se centra o proxecto.
- ✓ Con esta finalidade, formalizouse un convenio de colaboración coas clústers galegos ACLUNAGA, ANFACO-CECOPECA, BIOGA, CLUSAGA, CLUSTER TIC GALICIA e COINTEGA, por ser éstos amplamente representativos nos sectores estratéxicos tradicionais nos que se centra o proxecto europeo C-Voucher, a saber: agroalimentación, saúde, industrias marítimas, téxtil e industria manufactureira. Con posterioridade a este convenio e baseándose nos bos resultados acadados no marco do mesmo, solicitouse á Comisión Europea unha modificación orzamentaria no proxecto europeo C-Voucher para a posta en marcha de novas accións vinculadas á unha nova convocatoria que se deseñará e lanzará no ano 2020. A modificación foi aprobada en Marzo do presente ano.
- ✓ Froito d aprobación da modificación mencionada, no marco do proxecto europeo en 2020, GAIN, tal como require o propio proxecto, colaborará cos clúster rexionais na difusión da nova convocatoria de “Adopters” que se abrirá ao longo do ano 2020 e organizarán novas actuacións coas súas pemes. Organizarase, polo menos, unha reunión por sector co fin de identificar un mínimo de 10 pemes por rexión, cualificadas e dispostas a presentar unha proposta no marco do proxecto.

QUINTO: Que como se pode deducir do manifestado nos puntos anteriores, en cumprimento do establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño) e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, os obxectivos que se perseguen con este convenio resultan de interese xeral, xa que se está a fomentar e impulsar a participación en convocatorias no ámbito dos programas do Espazo Europeo de Investigación e de prestixiosas institucións europeas, co fin de situar a investigación galega na vangarda da ciencia e a tecnoloxía como eixo fundamental do desenvolvemento económico e social de Galicia e incrementar a captación de recursos externos para o sistema galego de I+D+i.

Así mesmo, dada a especificidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento das actuacións do mesmo, xa que os participantes en dito convenio deben responder á natureza de clúster e os seleccionados son os relacionados cos sectores obxectivo do Proxecto C-Voucher.

Por todo o que antecede as partes asinantes ACORDAN subscribir o seguinte convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer, dentro do *Proxecto C-Voucher*, o marco de colaboración entre a GAIN, ACLUNAGA, ANFACO-CECOPESCA, BIOGA, CLUSAGA, CLÚSTER TIC e COINTEGA, e que permita impulsar a participación das empresas galegas nas convocatorias do proxecto C-Voucher mediante actividades de difusión, formación apoio e dinamización.

O Proxecto C-Voucher contempla a participación dos *clusters* sectoriais galegos relevantes para o contido do Proxecto realizando as tarefas que se sinalan no Anexo I deste convenio. Así mesmo establece tamén a posibilidade de empregar parte do orzamento destinado a “Custes de Persoal”, “Outros Custes Directos” e “Custes Indirectos” para financiar os custes incorridos polos *clusters* participantes no desempeño das tarefas recollidas neste convenio.

SEGUNDA.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollido no Anexo II e que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2020 e a data límite de xustificación da axuda establecida no convenio. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

Tendo en conta a natureza complexa das actividades do convenio e a dimensión e carácter estimativo do orzamento, se aceptarán modificacións na distribución do gasto entre os diferentes conceptos subvencionables e entre as diferentes actividades que non supoñan minoracións en ningún destes conceptos/actividades superiores ao 10% da previsión inicial. Estas minoracións incrementarán as dotacións dos outros conceptos subvencionables e no seu caso das outras actividades.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a

entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención do IVE.

A axuda que corresponde a cada *cluster* poderá adicarse a algún dos seguintes conceptos:

1. Custos de persoal. Poderán incluírse neste apartado retribucións ao persoal propio da entidade.
2. Custos relativos a organización de reunións (outros custes directos):
 - a) Alugueiro de instalacións
 - b) Servizos de catering
 - c) Custes de transporte e dietas
3. Custes indirectos (nos termos que se indican na cláusula seguinte)

Non se permitirá a subcontratación, entendida nos termos nos que aparece definida no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Estas axudas estarán suxeitas ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da devandita Lei; así como a normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Estarán suxeitas igualmente ao réxime de minimis establecido no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas minimis (DOUE L352/1, do 24 de decembro de 2013).

En virtude do disposto no artigo 3.2 do anterior regulamento, o importe total das axudas de minimis concedidas por un estado membro a unha única empresa, non excederá de 200.000€ durante calquera período de tres exercicios fiscais. O límite máximo aplícase a todo o conxunto de axudas recibidas en concepto de minimis pola empresa, independentemente da forma en que se outorguen, ou do obxectivo perseguido. O beneficiario deberá presentar unha declaración do conxunto de axudas recibidas pola empresa en concepto de minimis, durante os dous exercicios fiscais anteriores, e durante o exercicio fiscal en curso.

TERCEIRA: Condicións económicas

■ Para sufragar os gastos desta actuación, GAIN destinará no ano 2020 un máximo de 21.947,40€, con cargo a aplicación orzamentaria 09.A3.561A.781.0 dos orzamentos da Axencia Galega de Innovación e que se distribuirá entre os *clústers* dacordo coa seguinte táboa:

CLÚSTER	CUSTES DE PERSOAL	CUSTES DIRECTOS	CUSTES INDIRECTOS*	TOTAL
ACLUNAGA	1.486,67 €	1.439,65 €	731,58 €*	3.657,90 €
ANFACO-CECOPESCA	1.486,67 €	1.439,65 €	731,58 €*	3.657,90 €
BIOGA	1.486,67 €	1.439,65 €	731,58 €*	3.657,90 €
CLUSAGA	1.486,67 €	1.439,65 €	731,58 €*	3.657,90 €
CLUSTER TIC	1.486,67 €	1.439,65 €	731,58 €*	3.657,90 €
COINTEGA	1.486,67 €	1.439,65 €	731,58 €*	3.657,90 €
TOTAL	8.920,02 €	8.637,90 €	4.389,48 €*	21.947,40 €

**Os custes indirectos representan o 25% da suma dos custes de persoal e outros custes directos (tal e como establece o artigo 6.2 punto E do Acordo de Subvención do proxecto C-Voucher). No caso de que a xustificación de custes de persoal e/ ou outros custes directos dalgún dos clusters sexa inferior ás cantidades expresadas na táboa anterior, os seus respectivos custes indirectos deberán ser recalculados.*

Procederá a revogación das subvencións, así como ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e ao importe equivalente a axuda en especie percibida e a esixencia de xuros de demora nos casos e termos previstos nos artigos 32 a 40 (capítulos I e II do Título II) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CUARTA: Compromisos e autorizacións

Cada un dos *clústers* comprométense a:

- Presentar previamente á sinatura do convenio:

— Declaración responsable de non estar incursos en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

_ Certificados acreditativos de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento do artigo 11.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino da axuda concedida e facilitar a inspección e control dos órganos da Axencia Galega de Innovación co gallo de supervisar o cumprimento do convenio.
- Comunicar á GAIN a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, tan pronto se teña coñecemento das mesmas.
- Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Subministrar toda a información necesaria para que GAIN poida dar cumprimento ás obrigas recollidas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que o beneficiario non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.
- Proceder ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos e máis os xuros de mora devengados dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no Título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- Dar consentimento expreso á GAIN para o tratamento necesario dos datos relevantes deste convenio e a súa publicación na páxina web da Axencia Galega de Innovación e no Diario Oficial de Galicia, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Dar consentimento expreso a GAIN para incluír e facer público, a través do Portal de transparencia e Goberno aberto e nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao abeiro do presente convenio.
- Cumprir co disposto no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

- Achegar os informes e documentos que acrediten o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos por GAIN.
- En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información relativa ao convenio requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).
- Facer constar expresamente a colaboración prestada pola Axencia Galega de Innovación en todo o material de execución, información e publicidade das actividades do convenio coa utilización do correspondente logotipo identificativo.

A sinatura deste convenio comportará a autorización a GAIN para consultar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Non obstante, cada un dos clústers poderá opoñerse a súa consulta polo órgano xestor, neste caso deberá presentar unha declaración expresa neste sendo e as certificacións de débedas citadas nos termos previstos regulamentariamente.

QUINTA.- Condicións de pagamento

En consonancia coa duración do convenio e conforme ao estipulado nos artigos 60 e 62 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o importe da subvención de GAIN estipulada neste convenio será aboada, previa xustificación dos gastos e pagos realizados pola totalidade do gasto no exercicio 2020, conforme ao sinalado a continuación:

AXUDA GAIN	ANO 2020
ACLUNAGA	3.657,90 €
ANFACO-CECOPESCA	3.657,90 €
BIOGA	3.657,90 €
CLUSAGA	3.657,90 €
CLUSTER TIC	3.657,90 €
COINTEGA	3.657,90 €
TOTAL	21.947,40 €
Período de realización de gastos e pagos	01/01/2020-01/12/2020
Data límite de presentación de documentación xustificativa	10/12/2020

De non xustificar o importe total das actuacións establecidas, GAIN minorará a súa achega proporcionalmente, sempre e cando se acadara o obxecto do presente convenio.

Para a xustificación do pago, cada un dos clústers, achegará a documentación que se relaciona na cláusula seguinte acompañada dun informe/memoria dos resultados obtidos e das actividades desenvolvidas.

O pagamento realizarase unha vez comprobada a axeitada xustificación da subvención conforme co artigo 30 da Lei de subvencións de Galicia.

SEXTA.- Forma de xustificación

A xustificación da subvención por parte dos beneficiarios, segundo o sinalado no artigo 48 do Decreto 11/2009, realizarase mediante a achega da seguinte documentación:

- 1.Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, así como acreditar de ser o caso, o disposto no artigo 29.3 da Lei de Subvencións de Galicia.
- 2.Memoria económica xustificativa asinada polo representante de cada *clúster* na que conste o concepto, o proveedor, o importe (co IVE detallado) e a data de cada un dos xustificantes, agrupados por conceptos de gastos.
- 3.Certificación dos custos de persoal emitida polo representante de cada *clúster*, consistente nunha relación detallada por meses do persoal adicado á execución do convenio, que deberá incluír os seguintes datos: mes que se xustifica, apelidos, nome, NIF, posto de traballo, base do IRPF, retribución líquida mensual, data de pagamento das retribucións, importe da Seguridade Social co cargo ao *clúster*, data de pagamento da Seguridade Social, porcentaxe de imputación e importe mensual total imputado.
- 4.Documentos que acrediten os custos de persoal (copia das nóminas e relación nominal de traballadores da Tesourería Xeral da Seguridade Social) e o seu pagamento (xustificantes bancarios ou recibo de liquidación de cotizacións á Seguridade Social selados polo banco). Nos xustificantes de pagamento das nóminas deberán detallarse os seus receptores, así como as cantidades percibidas por cada un deles.
- 5.Documentación xustificativa dos restantes gastos realizados: orixinais ou copias compulsadas das facturas ou dos documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai

referencia emitidas dentro do período de xustificación correspondente. As facturas deberán conter suficiente información de detalle que permita relacionala co gasto xustificado.

6.Documentación xustificativa dos pagamentos efectuados: transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pago. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor/a, o emisor/a e o concepto de pago. Os xustificantes bancarios de pagamento deberán coincidir exactamente co importe da factura, IVE incluído. Non se admitirán pagos en efectivo.

SÉTIMA.- Compatibilidade con outras axudas.

Estas axudas están destinadas ó financiamento de actividades de promoción da participación das PEMEgalegas no proxecto C-Voucher, así como do propio proxecto e da Economía Circular entre as empresas, sendo compatibles con calquera outra axuda para o mesmo fin sempre e cando non estean financiando os gastos imputados ao obxecto deste convenio.

Deberase comunicar á GAIN, no seu caso, tanto o importe de ditas axudas como a orixe das mesmas.

OITAVA.- Seguimento e evolución do convenio

Para garantir a correcta execución e seguimento do pactado neste Convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento e Coordinación integrada por tres representantes de GAIN, un deles actuará como presidente e un representante de cada un dos *clusters*, designados a tal efecto por cada parte.

Son funcións da Comisión de Seguimento e Coordinación as seguintes:

1. Realizar o seguimento das actuacións do Convenio.
2. Propor solucións aos conflitos que puideran xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio.
3. Propor a GAIN variacións entre os importes asignados aos diferentes conceptos subvencionables recollidas no orzamento do convenio (Anexo II), que supoñan minoracións en algún dos conceptos subvencionables superiores ao 10% da previsión inicial, para adecualos á execución do convenio e sempre e cando estas variacións non supoñan un incremento do importe da subvención prevista.
4. As que sexan precisas para garantir a correcta execución do convenio.

A comisión reunirse cantas veces o solicite algún dos membros.

Esta Comisión rexeráse en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiados regulada na sección 3ª do capítulo primeiro do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

NOVENA.- Control

A Axencia Galega de Innovación poderá realizar as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento da subvención.

En todo caso, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

DÉCIMA.- Inexistencia de relación laboral

A subscripción do presente convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e a Axencia Galega de Innovación, de maneira que non se lle poderá esixir a esta Axencia responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

UNDÉCIMA.- Resolución

Serán causas de resolución do presente convenio procedendo ao reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos xuros de mora correspondente dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

En especial, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.
- O incumprimento da obriga da xustificación do investimento realizado.

- O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no convenio.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo.
- O acordo mutuo das partes

O incumprimento total dos fins/obxectivos do convenio, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, da realización do investimento financiable ou da obriga de xustificación, serán causa de perda do dereito ao cobramento da subvención.

DUODÉCIMA.- Natureza e resolución de conflitos

Este convenio ten carácter administrativo, rexerase polas súas propias cláusulas e polo disposto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no seu regulamento aprobado no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e demais normas de dereito administrativo.

Así mesmo, exclúese do ámbito de aplicación a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (artigo 6.1), se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

De conformidade co establecido no artigo 31.4 da Ley 14/2013, do 26 de decembro, de *racionalización del sector público autonómico*, relativo á contratación sustentable, “*Los convenios suscritos por la Administración general de la Comunidad Autónoma y las entidades instrumentales del sector público autonómico podrán ser objeto de modificación cuando tengan como finalidad el logro de los objetivos de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera. Dichas modificaciones tendrán por objeto la reducción del volumen de las obligaciones o la ampliación de su plazo de ejecución*”.

A Axencia Galega de Innovación ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución e nulidade propia dos negocios xurídicos administrativos, de acordo coa Lei de contratos do sector público. As cuestións litixiosas que podan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio serán de coñecemento e competencia da Orde Xurisdiccional do Contencioso - Administrativo.

DÉCIMO TERCEIRA.- Vixencia

O presente convenio de colaboración estará vixente, dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020. O Convenio poderá prorrogarse nas mesmas condicións ata o fin do proxecto C-Voucher no ano 2021, previa a tramitación administrativa e económica pertinente.

E en proba de conformidade, asinan o presente Convenio, en septuplicado exemplar, no lugar e data indicados na cabeceira do presente documento.

O Presidente da Axencia Galega de
Innovación e vicepresidente segundo e
Conselleiro de Economía, Empresa e
Innovación

O Xerente da Asociación Clúster del Naval
Gallego

Francisco José Conde López

Óscar Gómez Díaz

O Secretario Xeral da Asociación Nacional
de Fabricantes de Conservas de Pescados y
Mariscos – Centro Técnico Nacional de
Conservación de Productos de la Pesca

A Presidenta do Clúster Tecnolóxico
Empresarial das Ciencias da Vida

Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa

Carme Pampín Casa

O Presidente do Clúster Alimentario de
Galicia

O Presidente do Clúster TIC de Galicia

Juan José de la Cerda López-Baspino

Antonio Luis Rodríguez del Corral

O Presidente da Confederación de Industrias
Textiles de Galicia - COINTEGA Clúster
Gallego Textil Moda de Galicia

Jose Antonio Conde Mojón

ANEXO I

Tarefas a desenvolver por cada un dos *clúster*:

- Facer difusión das convocatorias no marco do proxecto C-Voucher a través da súa web, redes sociais, boletíns, etc.
- Organizar polo menos unha reunión en Galicia con empresas do sector do seu ámbito de actividade para dar a coñecer os detalles da convocatoria de C-Voucher.
- Fomentar a participación das empresas galegas na convocatoria de C-Voucher a través da promoción do proxecto (divulgar o proxecto nas súas reunións e cos seus socios ou colaboradores, envío ou reparto de material de comunicación aportado por GAIN, etc.)
- Apoiar ás empresas interesadas na redacción das súas propostas a través da resolución de posibles dúbidas, seguimento do desenvolvemento das propostas e proposición de melloras nas mesmas.
- Presentar o proxecto e as súas convocatorias en reunións ou eventos externos relacionados coa Economía Circular ou os proxectos europeos.
- Apoiar á GAIN na promoción da Economía Circular nas empresas.

ANEXO II

Para sufragar os gastos de esta actuación, GAIN destinará no ano 2020 un máximo de 21.947,40€, con cargo a aplicación orzamentaria 09.A3.561A.781.0 dos orzamentos da Axencia Galega de Innovación e que se distribuirá entre os *clústers* de acordo coa seguinte táboa:

CLÚSTER	CUSTES PERSOAL	CUSTES DIRECTOS	CUSTES INDIRECTOS*	TOTAL
ACLUNAGA	1.486,67 €	1.439,65 €	731,58€*	3.657,90 €
ANFACO-CECOPESCA	1.486,67 €	1.439,65 €	731,58€	3.657,90 €
BIOGA	1.486,67 €	1.439,65 €	731,58€	3.657,90 €
CLUSAGA	1.486,67 €	1.439,65 €	731,58€	3.657,90 €
CLUSTER TIC	1.486,67 €	1.439,65 €	731,58€	3.657,90 €
COINTEGA	1.486,67 €	1.439,65 €	731,58€	3.657,90 €
TOTAL	8.920,02 €	8.637,90 €	4.389,48 €* €	21.947,40 €

**Os Custes Indirectos representan o 25% (tal e como establece o artigo 6.2 punto E do Acordo de Subvención do proxecto C-Voucher) da suma dos Custes de Persoal e de Outros Custes Directos. No caso de que a xustificación de Custes de Persoal e/ou Outros Custes Directos dalgún dos clusters sexa inferior ás cantidades expresadas na táboa anterior, os seus respectivos Custes Indirectos deberán ser recalculados.*